



CPR *Plurilingüe*
CALASANCIAS

É O TEU MOMENTO.
¡IMPLÍCATE!

IT'S YOUR MOMENT, GET INVOLVED!

C'EST VOTRE MOMENT, IMPLIQUEZ-VOUS!



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2020–2021

CPR PLURILINGÜE CALASANCIAS

www.colexiocalasancias.es

ÍNDICE

I.	Presentación	3
II.	Liña pedagóxica global do Centro	5
III.	Lema, obxectivos e valores	6
IV.	Organización e colaboración	7
V.	Obxectivos de etapa	11
VI.	Metodoloxía	12
VII.	Organización pedagóxica	13
VIII.	Avaliación	14
IX.	Orientación e tutoría	16
X.	Organización pastoral	17
XI.	Actividades complementarias	19
XII.	Conmemoracións	22
XIII.	Vacacións e días festivos	27
XIV.	Horarios de clases, secretaría e administración	27
XV.	Actividades extraescolares	28
XVI.	Normas de convivencia xerais	29
XVII.	Plan de formación de profesorado	32
XVIII.	Anexos	36
	1. Alumnos matriculados	
	2. Documentos do Departamento de Orientación	
	3. Programación Pedagóxico-Pastoral	
	4. Plan de adaptación Protocolo Covid	



I. PRESENTACIÓN

La Escuela Calasancia es el espacio donde se construye, se celebra, se interpela, se profundiza y se intenta vivir desde los valores del evangelio.

(Proyecto Educativo Calasancio)

O CPR Plurilingüe Calasancias considera a educación como un proceso globalizador ó servizo do desenvolvemento integral e harmónico da personalidade dos alumnos e alumnas.

Pretende unha acción pedagóxica que atenda de forma equilibrada as dimensións que interveñen na formación da personalidade: desenvolvemento afectivo, social, corporal, intelectual e moral, desde unha visión cristiá da vida, seguindo a pedagogía do noso fundador, san Faustino Míguez.

1. Desenvolvemento intelectual, que fundamentamos no espertar, e potenciamos a través de tódalas áreas unhas capacidade de «aprender a aprender»: Desde *un traballo intelectual serio e rigoroso*, favorecendo a capacidade de reflexión, a capacidade de comprensión e expresión creativa, usando para iso *unha metodoloxía activa, gradual, aberta e flexible*.
2. Dimensión social, que ten por obxecto a *creación progresiva dun ser aberto aos demais*: construtivo, solidario, capaz de contribuír criticamente á creación dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais moito máis humanas, xustas e fraternas. Pretendemos, por tanto, favorecer un ambiente propicio ó diálogo aberto e espontáneo, ó respecto, á comunicación, á toma de decisións e á colaboración. *Potenciamos a acción social como liña educativa que leve ós alumnos e alumnas a un compromiso a favor dunha sociedade máis xusta e fraterna*.
3. Dimensión corporal. A persoa é a razón de ser e o fundamento da nosa acción educativa. Consideramos o desenvolvemento da dimensión corporal e a singularidade da persoa como medio e como fin.
4. Dimensión afectiva. Pretendemos na Escola Calasancia crear un ambiente de confianza para tomar iniciativas e adquirir un nivel de autoestima a fin de formar a personalidade dos alumnos e alumnas.



5. Dimensión moral. Asumimos as dimensións ética e transcendente, como unha dimensión eminentemente humana e, por tanto, como un aspecto que temos que considerar ó promover o crecemento integral dos alumnos.

Educamos nunha escala de valores humanos e cristiáns de SINCERIDADE, RESPECTO, COLABORACIÓN, AUTONOMÍA, AMOR, XUSTIZA, COMPROMISO, TRABALLO EN EQUIPO E RESPONSABILIDADE PERSOAL DENTRO DA PLURALIDADE.

Esta Programación Xeral do curso 2020-2021, de acordo á lexislación vixente, préntase ó Consello Escolar para a súa aprobación.



II. LIÑA PEDAGÓXICA GLOBAL DO CENTRO

Os principais criterios pedagóxicos do noso Centro son:

- a) Primacía da educación sobre a instrución, especialmente, durante o período de desenvolvemento máis intenso.
- b) Calidade educativa, que procura unha preparación continua do profesorado, con metodoloxías activas e participativas, xunto cunha avaliación periódica do proceso educativo.

Potenciarase especialmente:

1) En relación co educador:

- a) A figura do educador guía e mediador da aprendizaxe. O traballo do educador consistirá especialmente en estar presente no proceso de aprendizaxe, atento ó desenvolvemento das capacidades dos alumnos e alumnas na realización dos seus traballos.
- b) O educador calasancio cultivará as actitudes propias de este estilo de escola, *especialmente a profesionalidade, a paciencia e o amor*, así como *unha relación positiva entre os educadores e os pais e nais dos seus alumnos*, alentando todo o que impulse a mellora educativa e a colaboración familia-colexio.

2) En relación co alumnado:

- a) Atención ás diferenzas individuais. É preferible previr as posibles distorsións educativas cunha actuación pedagóxica adecuada que ter que subsanalas mediante unha reeducación.
O binomio Piedade e Letras conxugarase de tal maneira que non formule dicotomías entre o desenvolvemento educativo e o desenvolvemento relixioso. Ámbolos dous deben prestarse recíproco estímulo na acción pedagóxica e educativa, pois inciden no núcleo do ser humano.

3) En relación coa tarefa educativa:

- a) Toda tarefa, para que produza un crecemento nos alumnos e alumnas, debe implicar un esforzo. As formulacións das actividades deben facerse tendo en conta o crecemento persoal, máis alá de criterios de gusto, simplificación ou facilidade.



- b) Terase en conta, entre cursos e ciclos inmediatos, a unidade e complementariedade que posibilite a continuidade do labor educativo, evite posibles deficiencias e dea consistencia ás programacións.
- c) Para posibilitar a continuidade no labor educativo entre cursos e ciclos, porase especial coidado na avaliación deste principio pedagóxico e na elaboración dos conseguintes reforzos educativos para evitar lagoas. Esta tarefa realizarase desde o Departamento de Orientación.
- d) A tarefa de reflexión sobre o quefacer educativo levarase a cabo nos seminarios, no claustro de profesores e nos diferentes equipos de etapa de acordo á Programación do Centro.

III. LEMA, OBXECTIVOS E VALORES

Neste ano 2020, a Institución Calasancia proponnos a tódolos colexios de España, traballar o lema: "Es tu momento, ¡Implícate!.

Este lema é unha oportunidade de traballar co alumnado a necesidade de ser un mesmo e traballar nisto, de achegarnos aos outros e, sobre todo, de achegarnos a Deus.

Deste lema calasancio extráense unha serie de actitudes e valores:

1. Convivencia
2. Comuñón
3. Solidariedade
4. Compromiso
5. Compañón
6. Fraternidade

Estes valores traballaranse sempre dende a educación integral do alumnado e de maneira transversal nas distintas áreas e conmemoracións celebradas o longo do curso:

- ✓ Realización da oración matinal cada día.
- ✓ Promoción dunha actitude de agradecemento e respecto a San Faustino e á súa vida.
- ✓ Sensibilización e motivación na participación en campañas solidarias (Operación Quilo, Mercado de Nadal, Bocata solidario...)



- ✓ Momentos de encontro cun mesmo e de relaxación, para «parar para reparar»: ao comezo da semana e do día, despois do recreo, ao inicio das clases da tarde, ao marchar á casa... de acordo ao Proxecto SER de interioridade que se está a desenvolver no colexio.

Nas programacións de cada materia, o profesor especifica as accións que levará a cabo para posibilitar a concienciación e cumprimento do lema.

IV. ORGANIZACIÓN E COLABORACIÓN

Os membros da Comunidade Educativa realizamos unha tarefa ó servizo dun obxectivo común: a formación integral dos alumnos e alumnas. Para acadar este obxectivo é precisa a aportación de todos nun clima de aceptación e respecto mutuo, en orde a construír a nosa Comunidade Educativa.

1.- CRITERIOS

- a) Pretendemos que o CPR Plurilingüe Calasancias estea organizado en coherencia cos valores nos que queremos educar e rexerese, en consecuencia, polos principios que van explícitos e implícitos neles.
- b) Concibimos a Comunidade Educativa como a integración harmónica de tódolos estamentos que interveñen na vida da mesma: alumnos e alumnas, pais e nais, profesores, persoal de administración e servizos, axentes de pastoral, comunidade relixiosa e entidade titular.
- c) Propiciamos unha organización aberta e flexible, ó servizo das persoas, capaz de adaptarse en todo momento –sen perder a identidade– á dinámica dos procesos de aprendizaxe de tódolos alumnos, é dicir, unha organización funcional.
- d) Fomentamos a participación como canle que facilite o crecemento na responsabilidade persoal, o sentido do deber e a toma de conciencia de que a construción dun mundo mellor é obra de todos e de cada un.
- e) Potenciamos a participación dos pais e nais na tarefa educadora dos seus fillos e fillas, conscientes de que a familia é a primeira educadora e responsable da educación.
- f) Impulsamos a formación permanente do profesorado para afrontar os novos retos do momento educativo que nos toca vivir e, desde esta mesma perspectiva, dunha educación en valores evanxélicos.
- g) Propiciamos nos alumnos e alumnas unha progresiva participación no proceso de avaliación e aprendizaxe que lles axude a responsabilizarse da súa propia formación e aprendizaxe.



2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS

- Directora Titular e Pedagóxica de ESO e BAC: M. M^a Soledad Rodríguez Boán
- Director Pedagóxico de Infantil e Primaria: D. Fernando Toja Díaz
- Xefe de Estudos e coordinador de Calidade: D. Luis Parada Pol
- Coordinadora de Pastoral: M. Concepción Ruiz Carrillo
- Coordinadora de Primaria: Dna. Ángela Valcárcel Vilariño
- Coordinadora de Secundaria e Bacharelato: Dna. Ana Quiza Pérez
- Secretaria: Dna. Lourdes Guillán Barbeito
- Administrador: D. Santiago Modroño Nodar

3.- ÓRGANOS COLEXIADOS

1. EQUIPO DIRECTIVO

Ten como competencia coordinar o desenvolvemento dos diferentes aspectos de funcionamento do Centro en orden á realización dos seus obxectivos, sen prexuízo das competencias propias dos respectivos órganos de goberno.

Está formado por:

- M. M^a Soledad Rodríguez Boán
- D. Fernando Toja Díaz
- M. Concepción López Ayán
- M. Concepción Ruiz Carrillo
- D. José Luís Parada Pol
- Dna. Lourdes Guillán Barbeito
- D. Santiago Modroño Nodar

2. CONSELLO ESCOLAR

É o órgano colexiado representativo dos distintos estamentos da Comunidade Educativa. Os seus membros actúan sobre a base do disposto no Carácter Propio, Proxecto Curricular de Centro e Planificación anual. Forman actualmente o Consello:

- Presidenta:
M. Marisol Rodríguez Boán
- Representantes da Titularidade:
M. Concepción López Ayán



M. Concepción Ruiz Carrilo
D. Fernando Toja Díaz

- Representantes dos Profesores:
D. Jose Luis Parada Pol
Dna. Mar Pedrido Otero
Dna. Mercedes Pereiro Portos
- Representantes dos Pais e Nais:
Dna. M^a de los Ángeles Naya Lorenzo (ANPA)
D^a Cristina Veiga Sánchez
Dna M^a Belén Fuentes Cortegoso
- Representantes do alumnado:
Darío Castiñeira González
Lucía Cores Lijó
- Representante do PAS:
Dna. Lourdes Guillán Barbeito

3.- CLAUSTRO DE PROFESORES

Está formado pola totalidade dos docentes do Centro. É o órgano que se encarga da programación da actividade docente e a súa realización. Reúnese unha vez á semana. No curso 2020-2021 esta é a composición do Claustro e o seu horario de atención ás familias:

EDUCACIÓN INFANTIL		Atención a familias
01.- M ^a José Taboada	1º A	Martes
02.- D ^a . Silvia Mantíñan Pernas (D ^a . Gema M ^a Freire Veiga))	1º B	Martes
03.- D ^a . Cristina López Mosqueira (D ^a . Tania Castelo Glez)	2º A	Martes
04.- D ^a . Ariana Figueroa Seijas	2º B	Martes
05.- D ^a . María A. Oróns López	3º A	Mércores
06.- D ^a . M ^a do Mar Pedrido Otero	3º B	Mércores
07.- D. Fernando Toja Díaz	Dirección, EMAT e relixión	
EDUCACIÓN PRIMARIA		Atención a familias
08.- D ^a . Marta M ^a Pouso Casal	1º A	Martes 16.30h
09.- D ^a . Ángela Valcárcel Vilariño	1º B	Martes 16.30h
10.- D ^a . Rebeca Rodríguez González	2º A	Martes 18.00h
11.- D ^a . María Méndez Valle	2º B	Martes 17:00h
12.- D. Sergio Cacheiro Villamisar (D ^a . Ana M ^a Espinosa Blanco)	3º A	Martes 17.00h
13.- D ^a . Ana Belén Seráns Parada	3º B	Martes 16.30h
14.- D ^a . Lorena Suárez Suárez	4º A	Mércores 17.30h



15.- D ^a . Mercedes Pereiro Portos	4º B	Martes 16.30h
16.- D. Juan David del Pozo Vilá	5º A	Martes 17.30h
17.- D. Alfredo García Sánchez	5º B	Martes 17.30h
18.- D ^a . Catuxa Villamarín Díaz	6º A	Martes 16.30h
19.- D ^a . Yolanda Alonso Pedre	6º B	Jueves 17.30h
EDUCACIÓN PRIMARIA		Atención a familias
20.- D. Luís Miguel Fdez. Sánchez	Educación Física Infantil e Primaria	
22.- D ^a . Verónica Rego González	AL- PT	Martes 16.30h
23.- D ^a María Suárez Pardo	Logopeda	
24.- D ^a Ana Isabel Amado Mosquera	Galego	
25.- D. Iria Pérez Videla	Inglés	
EDUCACIÓN SECUNDARIA		Atención a familias
1.- D ^a . Lydie Andrée Borra	1º A	Martes, 11.30h
2.- D. Javier Anta Álvarez	1º B	Xoves 11.30h
3.- D ^a . Melisa Castelo Val	1º C	Venres, 11.30h
4.- D ^a Isabel Molins Suárez	2º A	Mércores, 11.30h
5.- D ^a . Beatriz Pouso Casal	2º B	Luns, 11.30h
6.- D. Sergio Tojo Mosquera	2º C	Venres, 11.00h
7.- D ^a . Jenny Otero Saavedra	3ºA	Luns, 16.30 h
8.- D ^a María Jerez Longuiera	3ºB	Mércores, 13.10 h
9.- D. Joaquín Respino Souto	4ºA	Luns, 11.30 h
10.- D ^a Kattia Carril del Valle	4ºB	Luns, 15.30 h
BACHARELATO		Atención a familias
11.- D ^a . Sabela Pita Babío	1º Bach	Xoves, 9.20 h
12.- M. Concepción Ruíz Carrillo	2º Bach	Xoves, 13.10h
OUTROS PROFESORES		
13.- D ^a Ana Belén Barreiro Amor	Cultura Clásica, Latín e Grego.	
14.- D. Carlos A. Pérez Vale	Tecnoloxía, TIC, Robótica, D. Técnico.	
15.- D. Jacobo Teixeira Pita	Música.	
16.- D ^a . Conchi Quintás Martínez	Lingua Castelá.	
17.- D. Jesús H. López Casal	Filosofía.	
18.- D ^a M ^a del Mar Villaverde Ríos	Lingua Galega	
19.- D. José Juncosa Rivera	E. Plástica, D. Técnico, Arte.	
20.- D. José López Díaz	Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía.	
21.- D. José Luis Parada Pol	Física, Matemáticas, Física e Química.	
22.- D ^a . María Jerez Longueira	Física-Química, Bioloxía-Xeoloxía, Matemáticas, Química.	
23.- M. Marisol Rodríguez Boán	Xeografía e Historia, Relixión.	
24.- D. Sergio Tojo Mosquera	Historia de España, Xeografía.	
25.- D ^a Ana Quiza Pérez	Xeografía e Historia.	
26.- D ^a . Gabriela Sampedro Gago	Orientación.	
27.- D. Carlos Alexander Fdez Rguez	Educación Física.	



4.- EQUIPO DE PASTORAL

Está formado por un grupo de persoas encargadas de animar e coordinar a acción evanxelizadora e pastoral do colexio, escolar e extraescolar. Os seus membros son:

- M. M^a Concepción Ruiz Carrillo, coordinadora de pastoral.
- M. M^a Soledad Rodríguez Boán, directora titular.
- D. Fernando Toja Díaz, director pedagógico.
- Dna. Ariana Figueroa Seijas, representante de Infantil.
- Dna. Yolanda Alonso Pedre, representante de Primaria.
- Dna. Lydie Andrée Emilie Borra, representante de ESO.
- Dna. Verónica Rego González.

V. OBXECTIVOS DE ETAPA

A) EDUCACIÓN INFANTIL

Os valores que acordamos tratar ao longo do curso son: interioridade, autocoñecemento, coidado do corpo e da mente (alimentación, exercicio, boas relacións cos demais, serenidade, harmonía, paz), contemplación e reflexión.

En canto ás áreas globalizadas nas que se traballa, os obxectivos marcados son:

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- 1) Favorecer o proceso de construción persoal a través das interaccións dos nenos e nenas co medio, desenvolvendo o sentimento de compromiso tendo en conta as diferenzas individuais.

Coñecemento do entorno

- 2) Facilitar que os nenos e nenas descubran e comprendan a súa realidade próxima coa finalidade de ir construíndo un coñecemento sobre o medio físico, natural e social fomentando o coidado e o respecto á natureza e a todos os seres vivos.

Linguaxes: Comunicación e representación



- 3) Contribuír a mellorar ás distintas formas de comunicación e representación entre o grupo de iguais e co resto das persoas para poder manifestar os seus sentimentos de amor, amizade e compromiso.

B) EDUCACIÓN PRIMARIA

- 1º e 2º: “Favorecer as boas relacións entre iguais e axudalos a coñecerse a si mesmos, identificando as súas emocións”.
- 3º e 4º: “Promover no noso alumnado a consideración e o aprecio por un mesmo, polos demais e pola contorna, enriquecéndose da diversidade do mundo”.
- 5º e 6º: “Desenvolver unha mirada crítica do mundo que nos rodea, fomentando o coñecemento dun mesmo e fortalecendo a relación cos demais”.

C) EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

- Propoñer un estilo de vida alternativo que contribúa ao ben común, superando o individualismo e animando ao compromiso social coa nosa contorna”.
- “Ser conscientes da nosa conexión coa creación para xerar unha actitude responsable e de coidado cara a natureza.”

Este obxectivo traballarase do seguinte xeito:

- A través de retos ecolóxicos (PAT)
 - Todo o profesorado traballará de xeito sistemático co alumnado nos tempos de recreo a recollida de lixo.
- “Acoller a invitación de Deus a ser como un mesmo, co outro, coa natureza e co mesmo Deus.”



VI. METODOLOXÍA

O *CPR Plurilingüe Calasancias* concibe a educación como un proceso no que a actitude que mantén o educador e o alumno permiten unha aprendizaxe significativa. Os alumnos e alumnas convértense no motor do seu propio proceso de aprendizaxe. O educador exerce o papel de guía que pon en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno cos novos contidos. Polo tanto, no proceso de aprendizaxe convén ter en conta o seguinte:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno e das súas aprendizaxes previas.
- Proporciónanse situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, coa fin de que resulten motivadoras.
- Ponse aos alumnos/as en situación de adquisición de novos coñecementos.

E, en coherencia con estes principios, óptase por :

- a) Unha metodoloxía activa e participativa.
- b) Unha integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula.
- c) A participación no desenvolvemento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.
- d) Motivación. Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Potenciarase, así mesmo, o traballo en grupo.
- e) Atención á diversidade do alumno. A nosa acción educativa terá en conta sempre os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- f) Avaliación do proceso educativo. A avaliación analiza tódolos aspectos do proceso educativo e aporta as informacións precisas que permiten reestruturar a actividade.

VII. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

1. EQUIPO DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Formado polos profesores que dan clase en cada un dos cursos correspondentes a cada ciclo e etapa. En cada etapa hai un profesor(a) que coordina a acción educativa da etapa e se preocupa da boa marcha da convivencia. Os seus membros son:

- M. M^a Soledad Rodríguez Boán, directora titular e pedagóxica de ESO e BAC
- D. Fernando Toja Díaz, director pedagóxico de EI e EP
- D. Luis Parada Pol, xefe de estudos



- D^a. Ángela Valcárcel Vilariño, coordinadora de Primaria
- D^a. Ana Quiza Pérez, coordinadora de ESO e BAC
- M. M^a Concepción Ruiz Carrillo, coordinadora de Pastoral

2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Este Equipo, de acordo coa lexislación vixente, ten como obxectivo potenciar a lingua galega no centro. Está formado polos seguintes membros:

- Dna. Iria Flavia López Presedo, coordinadora.
- Dna. M^a José Taboada Vázquez, mestra de conversación oral de inglés.
- D. Alfredo García Sánchez, mestre de música e galego.
- Dna. Lydie Andrée Borra, profesora de lingua francesa.
- Dna. Yolanda Outeiral Ces, representante do PAS.
- Pablo Merelas Sánchez, representante de alumnos.

Os obxectivos fundamentais deste Equipo son:

- a) Seguir potenciando o uso da lingua galega escrita en todo tipo de documentación ou comunicacións dirixidas ás familias, á administración e outras entidades, e nos carteis informativos.
- b) Seguir potenciando a lingua oral nos distintos ámbitos da comunidade educativa.

3. SEMINARIOS DIDÁCTICOS

a) Seminario Lingüístico:

- Coordina: D^a Ana Belén Barreiro Amor.
- Materias: linguas oficiais, estranxeiras e clásicas.

b) Seminario de Orientación:

- Coordina: D^a Gabriela Sampedro Gago.
- Ámbitos: orientación, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica, directores pedagóxicos, coordinadores de etapas e un titor por etapa.

c) Seminario de Relixión (ERE):

- Coordina: M. Concepción Ruiz Carrillo.
- Materias: relixión.



d) Seminario Artístico:

- Coordina: D. Joaquín Respino Souto.
- Materias: educación artística, educación plástica e visual, debuxo técnico, historia da arte e educación física.

e) Seminario Humanístico:

- Coordina: D. Jesús López Casal
- Materias: ciencias sociais, xeografía, historia do mundo contemporáneo, historia de España ética, filosofía, economía.

f) Seminario Científico-Tecnolóxico:

- Coordina: D^a Sandra Chouzas Marta.
- Materias: ciencias da natureza (bioloxía e xeoloxía, física e química, ciencias da terra, cultura científica), matemáticas, tecnoloxía, informática.

Os obxectivos que se fixan para este curso están relacionados coa innovación pedagóxica, centrándose na elaboración de rúbricas, no traballo cooperativo, gamificación, etc.

VIII. AVALIACIÓN

a) Criterios

Entendemos a avaliación como un proceso. Está orientado á formación integral do alumno e céntrase sobre todo en conceptos, procedementos e actitudes.

- ✎ A avaliación inicial permite ó profesor determinar o punto de partida dos alumnos e alumnas respecto o seu estilo de aprendizaxe. En tódolos cursos realízase esta avaliación durante o mes de setembro.
- ✎ A avaliación continua ou formativa realízase durante o proceso e é fundamental para ir axustando a ensinanza de modo que se logre a modificación e mellora das aprendizaxes reais dos alumnos. De acordo a este resultado, programaranse os reforzos educativos para os alumnos que non superen os contidos propostos.
- ✎ A avaliación sumativa ou final comproba se o alumno logrou os obxectivos fundamentais da unidade.

Os procedementos que se utilizan na avaliación son:



- ✎ Observación sistemática.
- ✎ Análise de producións dos alumnos: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos, producións orais...
- ✎ Intercambios orais con los alumnos: diálogos, entrevistas, postas en común, asembleas, etc.
- ✎ Probas específicas: obxectivas, abertas, exposición dun tema resolución de exercicios.
- ✎ Autoavaliación.

Os procedementos de avaliación son utilizados segundo os criterios adoptados nas reunións de Seminarios e Etapas, tratando de ser flexibles e de adaptarse na medida do posible ó ritmo dos alumnos e tendo en conta o criterio de opción pola calidade educativa, así como o nivel no que se encontra o alumno.

b) Información ás familias

Avaliarase de acordo á LOMCE: contidos, procedementos, estándares de aprendizaxe, competencias, actitudes; e procederase de acordo ós criterios e procedementos de avaliación fixados anteriormente.

Cada profesor farao de acordo ós criterios establecidos na Programación Didáctica. As familias recibirán os informes trimestrais nas seguintes datas:

1ª AVALIACIÓN: 01 de decembro de 2020 (2º BAC).
21 de decembro de 2020 (resto alumnado).

2ª AVALIACIÓN: 5 de marzo de 2021 (2º BAC).
25 de marzo de 2021 (Infantil e primaria).
25 de marzo de 2021 (Secundaria e 1ºBAC).

3ª AVALIACIÓN: Maio de 2021 (2º BAC).
11 de xuño de 2021 (resto alumnado).
Non hai recuperación da 3ª avaliación.

BOLETÍN FINAL: Maio de 2021 (2º BAC).
22 de xuño de 2021 (EI-EP).
25 de xuño de 2021 (ESO e 1º BAC).

As datas aquí sinaladas son as que, en principio, se prevén. Non obstante, poden





sufrir cambios por causas alleas á organización do centro.

IX. ORIENTACIÓN E TITORÍA

Sistema de titorías

Durante o curso 2020-2021 coídarase especialmente a formación humana, moral e social dos alumnos e alumnas a través das titorías e outros medios que orienten positivamente o proceso de adquisición duns valores acordes co *Proxecto Educativo do Centro*. Estas accións, canalizadas a través do Departamento de Orientación e do Equipo de Pastoral, pretenden a formación integral del alumno.

Cada titor ten unha hora de formación humana co seu grupo. Empregará os materiais adecuados, previa programación ó efecto. En Educación Secundaria utilízanse os materiais de titoría facilitados polo Departamento de Orientación e algúns programas relacionados coa prevención escolar e familiar (diferentes tipos de adición).

Coas familias fanse reunións destinadas a intercambiar opinións e puntos de vista sobre a marcha dos alumnos e alumnas, tanto intelectual coma no seu proceso de crecemento e madurez.

Cada titor dispón tamén dunha hora semanal destinada á atención ás familias de acordo ó horario establecido. Nesta hora o titor poderá informar ós pais e nais que, previamente e a través do Caderno de Comunicacions ou da plataforma Educamos, soliciten entrevista para coñecer a situación de aprendizaxe dos seus fillos.

Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do Centro está formado polos mesmos membros que forman o Seminario de Orientación. Deste departamento depende a elaboración e seguimento de:

1. Programación do Departamento de Orientación (PDO)
2. Plan de Acción Titorial (PAT).
3. Plan de Atención á Diversidade (PAD).
4. Plan de Orientación Académico-Profesional (POAP).



Os documentos deste departamentos van como anexos á PXA.

X. ORGANIZACIÓN PASTORAL

A nosa escola, como centro da Igrexa, realiza a súa misión de transmisión da fe, facendo vida o mandamento do amor e dando razón da nosa esperanza, segundo o carisma calasancio.

A organización pastoral pretende contribuír a facer do noso centro un verdadeiro lugar de evanxelización: no que se forme dende o diálogo “piedade e letras”, se viva coma comunidade educativa os valores cristiáns e se celebre gozosamente a liturxia; de modo que sexamos axentes de transformación social ao xeito calasancio. Para todo isto, preparamos actividades nos catro ámbitos pastorais para toda a comunidade educativa:

1. Formación “Piedade e Letras”:

- Ensinanza Religiosa Escolar (ERE): contribúe á calidade da educación dende a proposta de desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu currículo, de forma especial a capacidade transcendente do alumnado, facilitándolle a proposta de sentido último para a súa vida e iluminando aqueles valores comúns e propios que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. Neste senso, colabora na formación integral do alumno.
- Apoio ás titorías: co obxectivo da formación integral do alumnado, dende a acción titorial contribúe á formación en valores humanos e cristiáns, o acompañamento persoal, a creación e coidado dun clima escolar de confianza e apertura.
- Catequese sacramental de Primeira Comunión: (3º e 4º EP) e de Confirmación (3º e 4º ESO): axuda ao alumnado a ser máis conscientes do don da fe e da súa pertenza á Igrexa. Ten lugar os venres: Confirmación (15:30 a 16:30 h); Primeira Comunión (16:30 a 17:30 h)
- Movemento Calasancio: é a gran actividade de ocio e tempo libre e de formación na fe dos centros calasancios, cuxo obxectivo é acompañar aos nenos e mozos no seu crecemento humano e cristián, dende o noso carisma e espiritualidade calasancia. A través deste proceso de formación na fe e da experiencia de grupo, axudámoslles a descubrir e responder a súa vocación. Os nenos e mozos que se integran no Movemento Calasancio son invitados



a vivir dende os valores propios dun grupo xuvenil calasancio: acollida, alegría, apertura, unión, compromiso e espírito misioneiro, sendo Xesús de Nazaret centro e eixe do mesmo. Abarca dende 5º de primaria ate bacharelato. Realiza actividades como: reunións semanais de reflexión e formación na fe, saídas trimestrais, convivencias intercolexiais con outros alumnos dos colexios das Calasancias en Galicia e no resto de España, pascuas rurais e calasancias, convivencias vocacionais, campamentos de verán, camiños de Santiago, experiencias misioneras...

2. Vivencia comunitaria:

- Grupos de Misión Compartida: dende tres modalidades diferentes, preténdese potenciar a comunión, formación e animación da comunidade educativa, favorecendo a corresponsabilidade na misión. Inclúe non só accións ou actividades instrutivas que axudan a pensar e, coa reflexión, a transformar a vida, senón tamén experiencias vitais. Trátase dunha experiencia de comunión en relación coa misión. Atende a distintas dimensións: antropolóxica, cristiá, educativa e calasancia.
- Convivencias e campamentos: poñen en xogo os valores aprendidos, interactuando no medio natural e con persoas alleas aos propios grupos locais. Inda que este ano todo isto está moi condicionado polo COVID.
- Acompañamento vocacional: consideramos fundamental axudar aos nenos e mozos a descubrir e responder ao proxecto que Deus ten para eles. Por isto, acompañamos persoalmente ao alumnado, organizamos xornadas e convivencias vocacionais, celebracións xuvenís e familiares...

3. Celebración litúrxica:

- Oración diaria: diariamente nas aulas, procuramos manter nos rapaces o hábito dun xeito sinxelo, integrador da vida, positivo e calasancio de facer oración.
- Oración continua: posibilitamos aos pequenos (6º EI – 2º EP) o encontro persoal con Xesús nas súas presenza, na súa Palabra, dende o noso propio carisma. Ofrecémoslles un lugar e un momento concretos para ter experiencia de Deus e poder relacionarse con Xesús, como unha referencia sinxela, cotiá e connatural ao Misterio, ao silencio; que aprendan a rezar sinxela e naturalmente. Esta acción pastoral non ten unha pretensión catequética ou doutrinal, senón o desexo de propiciar a relación de diálogo, contemplación e confianza do neno con Xesús, dende dentro.



- Celebracións sacramentais: nos tempos fortes (Advento, Coresma, Pascua) e nas festas propias (San Xosé de Calasanz, Beata Victoria Valverde, San Faustino Míguez) participamos nos sacramentos da reconciliación e da eucaristía, para celebrar esas festas e conmemoracións xunto á Igrexa e a Familia Calasancia.

4. Testemuño cristián:

- Campañas solidarias: promovemos o compromiso por construír un mundo mellor á luz do Evanxeo cunha actitude activa e solidaria pola solución dos problemas que afectan á realidade actual, dende unha ollada positiva do mundo, da persoa e da historia, iluminada pola fe en Xesucristo, discernida coa gracia do Espírito e comprometida coa sociedade de hoxe e co desenvolvemento dunha pedagogía do compromiso, acompañando ás persoas na axuda e a solidariedade cos demais, adquirindo responsabilidades que axuden á transformación social e á construción do Reino de Deus.
- Participamos en campañas misioneras o solidarias da Igrexa (DOMUND e Campaña contra a fame), preparamos campañas de recollida de alimentos en Nadal (Operación Quilo e colaboración co Banco de Alimentos), celebramos o día do bocata solidario, organizamos saídas solidarias dende 1º EP ata 2º BAC e promovemos proxectos solidarios para os máis próximos e os que non o son tanto, con especial atencións aos proxectos solidarios e misioneros do Instituto Calasancio.
- Asociacionismo cristián. A escola calasancia, dende unha escala de valores evanxélicos, prepara aos alumnos para que sexan capaces de facer opcións libres e responsables que dean sentido á vida.
- Voluntariado Social Calasancio: procuramos que os mozos do centro se comprometan coa transformación social, implicándose na realización de proxectos e iniciativas en favor dun mundo mellor, tanto no ámbito da sensibilización como na axuda directa. A este eido contribúen as saídas solidarias e o coñecemento a través delas de distintas realidades sociais coas que a mocidade se pode comprometer.

XI. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Para o curso 2020-2021 están previstas as seguintes visitas culturais, cos seus correspondentes obxectivos:

ETAPA: INFANTIL		
Curso	Actividade	Obxectivo(s)



4º, 5º, 6º	Teatro Afundación Abanca	Xerar interese sobre as artes escénicas favorecendo o enriquecemento cultural.
4º, 5º, 6º	Fundación M ^a José Jove	Favorecer o achegamento a coleccións artísticas de diferentes temáticas.
4º, 5º, 6º	Museo de Belas Artes	Favorecer o contacto co mundo artístico contribuindo ao enriquecemento cultural e o desenvolvemento do pensamento creador dos nenos.
4º, 5º, 6º	Excursión fin de curso: O Ventoso	Facilitar experiencias directas no medio, relacionadas co traballo ao longo do curso, con alternativas lúdicas e culturais a través de actividades de grupo.

ETAPA: PRIMARIA

Curso	Actividade	Obxectivo(s)
1º a 6º	Convivencia de inicio de curso.	<i>Favorecer o encontro e as boas relacións entre o alumnado e presentar o lema do novo curso escolar.</i>
1º e 2º	Teatro/Concerto	Espertar a interese do alumnado polas artes escénicas ampliando a súa cultura e coñecemento.
3º	Biblioteca	Formar aos futuros lectores/as e usuarios/as na utilización dos diferentes servizos e recursos que ofrece a biblioteca pública.
2º	Museos	Descubrir diferentes interpretacións artísticas e comprender a súa relevancia levando a cabo diversos e orixinais obradoiros.
1º a 6º	Telva	<i>Coñecer a labor desempeñada por EMAL-CSA no ciclo integral da auga e recibir consellos sobre un consumo racional da mesma</i>



5º e 6º	Castelo de San Antón	<i>Achegar ás alumnas e alumnos á nosa historia, para que comprendan mellor e dun xeito mais directo, como vivían os homes e mulleres do pasado</i>
1º a 6º	Excursión de fin de curso	Gozar dunha xornada lúdica en contacto coa natureza compartindo experiencias cos compañeiros/as e descubrir parte da nosa xeografía.
ETAPA: SECUNDARIA		
Curso	Actividade	Obxectivo(s)
1º	A rede as súas redes	Promover a toma de conciencia por parte dos participantes dos riscos asociados ao uso de internet e facilitar habilidades para moverse neste novo "habitat" con seguridade.
1º	A que tren subes? Prevención do consumo de tabaco e alcol	<ul style="list-style-type: none"> • Promover a práctica de hábitos saudables e elección de condutas positivas • Informar sobre o uso inadecuado do tabaco e o alcol e os seus riscos • Proporcionar habilidades que capaciten para a toma de decisións autónomas e responsables, que faciliten a oposición asertiva e melloren as competencias persoais para a toma de decisións ante condutas de risco.
1º	Talleres sobre sexualidade e afectividade	Afondar no coñecemento da sexualidade nas dimensións física, psíquica e espiritual. Ser conscientes de que estas dimensións non se poden reducir a unha.
1º	Excursión de fin de curso	Fortalecer as relacións interpersoais e pasar un día lúdico.
2º	Talleres sobre sexualidade e afectividade	Afondar no coñecemento da sexualidade nas dimensións física, psíquica e espiritual. Ser conscientes de que estas



		dimensións non se poden reducir a unha.
2º	Excursión de fin de curso	Fortalecer as relacións interpersoais e pasar un día lúdico.
3º	Talleres sobre sexualidade e afectividade	Afondar no coñecemento da sexualidade nas dimensións física, psíquica e espiritual. Ser conscientes de que estas dimensións non se poden reducir a unha.
3º	Excursión de fin de curso	Fortalecer as relacións interpersoais e pasar un día lúdico
4º	Talleres sobre sexualidade e afectividade	Afondar no coñecemento da sexualidade nas dimensións física, psíquica e espiritual. Ser conscientes de que estas dimensións non se poden reducir a unha.
4º	Excursión de fin de curso a Barcelona	Coñecerse e desfrutar duns momentos lúdicos.

ETAPA: BACHARELATO

Curso	Actividade	Obxectivo(s)
1º	Talleres sobre sexualidade e afectividade	Afondar no coñecemento da sexualidade nas dimensións física, psíquica e espiritual. Ser conscientes de que estas dimensións non se poden reducir a unha.
2º	Talleres sobre sexualidade e afectividade	Afondar no coñecemento da sexualidade nas dimensións física, psíquica e espiritual. Ser conscientes de que estas dimensións non se poden reducir a unha

INMERSIÓN LINGÜÍSTICA

Curso/Lugar		Obxectivo(s)
6º EP 1º ESO	Dorrón/ Foz	Potenciar a comunicación oral da 1ª lingua estranxeira en ámbitos nos que se empreguen exclusivamente esa lingua para favorecer a competencia oral do alumnado.
3º ESO	Dorrón/ Foz	



XII. CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar celebraranse unha serie de conmemoracións, para as cales se organizarán no colexio diversas actividades. Estas datas son lectivas para tódolos efectos.

	OBXECTIVOS ETAPAS		
	Infantil	Primaria	Secundaria e Bacharelato
Domund	Promover o espírito misionero entre o alumnado e a necesidade de axudar ás persoas que realizan esta labor.		
Magosto	Celebrar unha festa de arraigo cultural da tradición galega.	Identificar o Magosto como unha festa tradicional de Galicia e degustar o froito mais significativo da mesma.	
DÍA UNIVERSAL DA INFANCIA	Achegar aos nenos ao coñecemento dos dereitos universais da infancia.	<i>Espertar no alumnado a sensibilidade cara os nenos/as mais desfavorecidos/as e dar a coñecer os dereitos universais de todos eles</i>	
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Sensibilizar aos nenos sobre a importancia dun trato igualitario e respectuoso baseado no amor entre as persoas.	Previr a violencia de xénero desenvolvendo condutas de respecto e igualdade que lles permitan recoñecer a violencia en si mesmos/as e noutras persoas e facilitando habilidades de protección.	Respectarse a si mesmo, para poder respectar aos demais aprendendo que as nosas diferencias nos fan únicos pero seguimos sendo iguais en dignidade.
S. Xosé de Calasanz	Dar a coñecer a figura de San Xosé de Calasanz destacando o seu	Celebrar o día do mestre. E achegar a figura de san Xosé de Calasanz ao alumnado e	Acercar as ensinanzas de san Xosé de Calasanz á ensinanza actual.



	sentido de gratuidade, doazón e perdón coas persoas.	espertar neles o cariño e o afecto cara os seus mestres/as.	
Constitución e Estatuto de Autonomía	Aproximar ós nenos aos valores que deben rexer a convivencia entre todos os cidadáns, destacando os valores solidarios que transmite.	Concienciar da necesidade de certos documentos legais que regulen a vida en harmonía entre todos cidadáns e cidadás do noso territorio.	Coñecer os nosos dereitos e deberes como cidadáns. Valora os dereitos que temos para poder conservalos.
DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE	Fomentar o respecto á diversidade o coñecer diferentes situacións.	<i>Poñer fin á discriminación e eliminar as barreiras debidas á contorna e á actitude que impide que as persoas con discapacidade gocen dos seus dereitos</i>	Sensibilizar ao alumnado coa inclusión de persoas con diversidade funcional.
Declaración universal dos Dereitos Humanos	Favorecer o coñecemento e necesidade de defender os dereitos de todas as persoas.	Dar a coñecer a existencia duns dereitos universais que nos permitan vivir en paz, libres e respectando aos demais.	Abrir fronteiras a través da solidariedade.

Nadal e Operación Quilo	Celebrar a festa relixiosa do Nadal, como membros da comunidade cristiá, recoñecendo o espírito real da mesma e os	Sensibilizar acerca do problema de fame que nos rodea, obter alimentos e dar a coñecer a labor do Banco de alimentos.	Sensibilizar acerca do problema de fame que nos rodea, obter alimentos e dar a coñecer a labor do Banco de alimentos.
-------------------------	--	---	---



	valores que nos identifican e fomentar os valores de gratuidade e doazón a través da campaña.		
DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN	Tomar conciencia da importancia dunha educación de calidade e en igualdade de condicións.	<i>Recoñecer e salientar a importancia da educación como pilar fundamental para o desenvolvemento integral das persoas e contribuír á mellora da sociedade</i>	Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia do dereito á educación.
Día escolar da Paz e Non Violencia. Bocata Solidario	Tomar conciencia da necesidade de fomentar o perdón entre os compañeiros como unha mostra de amor e respecto cara os demais para vivir en paz.	Inculcar a paz, a cooperación e a solidariedade a través de diversas actividades.	Respectar as ideas dos demais para poder vivir en Paz. Bocadillo Solidario.
Beata Victoria	Lembrar a vida de amor e entrega da beata Victoria Valverde.		
Entroido	Participar nos preparativos e celebrar a festa do Entroido.	Desenvolver a capacidade creativa do alumnado e gozar dunha festividade chea de fantasía.	
San Faustino Míguez	Dar a coñecer a súa vida e obra recoñecéndoo como exemplo de persoa.	Recordar a figura do P. Faustino Míguez, patrón dos colexios calasancias, celebrando e lembrando a súa vida de amor e entrega aos máis pequenos/as e necesitados/as.	



Día internacional da Muller traballadora	Concienciar aos nenos dun modelo social máis igualitario e xusto recoñecendo o achegamento da muller no ámbito laboral evitando estereotipos.	Salientar a figura da muller en calquera ámbito laboral buscando a igualdade e a integración.	Tomar conciencia da situación de desigualdade entre homes e mulleres tal e como fixo o P. Faustino a finais do XIX e principios do XX.
Dereitos do consumidor	Saber valorar de unha maneira crítica os bens materiais, dándolle máis importancia a aquelas cousas que realmente necesitamos e promovendo o uso de material de refugallo.	Fomentar un consumo responsable, coñecer dereitos e obrigas e desenvolver un espírito crítico fronte os produtos que consomen.	Coñecer os organismos que defenden os intereses dos consumidores.
Semana da prensa	Aproximar aos nenos a este medio de comunicación, valorándoa como fonte de información e recursos.	Facilitar o contacto do alumnado coa prensa, tanto en soporte papel como dixital, fonte de aprendizaxe e comunicación.	Empregar a prensa como recurso didáctico nas nosas materias.
Día Mundial da Saúde	Progresar na interiorización de hábitos para acadar un bo estado de saúde.	<i>Concienciar acerca da importancia de coidar a nosa saúde a través de hábitos de vida saudables</i>	Fomentar hábitos alimenticios saudables e unha actividade física suficiente.



Día do Libro	Fomentar a formación do hábito lector desde idades temperás, valorando o uso das bibliotecas públicas.	Motivar ao alumnado a descubrir o valor da lectura, dos libros e das experiencias que nos brindan tanto nos momentos de ocio coma na escola.	Valorar a lectura como un medio e ferramenta para acadar a liberdade de pensamento.
DIA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR	Fomentar o respecto cara os demais e aprender a pórse no lugar dos outros.	<i>Sensibilizar ao alumnado co problema do acoso escolar e axudarlles a ser capaces de identificar se existen signos de acoso ou violencia escolar, promovendo as boas relacións entre as persoas</i>	Sensibilizar e concienciar ao alumnado sobre a problemática do acoso escolar.
Divina Pastora	Recoñecer á Divina Pastora como nai, guía e modelo a seguir	Celebrar e conmemorar a figura da Divina Pastora, titular de tódolos colexios calasancios, modelo de muller entregada e de vida para toda a comunidade educativa	
Día de Europa	Iniciar aos nenos no coñecemento dunha realidade global, desenvolvendo sentimentos de pertenza.	<i>"Aprender diversos contidos relativos á Unión Europea e coñecer os dereitos que temos como membros da mesma"</i>	Coñecer a diversidade cultural dos países da UE.
Letras Galegas	Coñecer os principios rasgos e elementos da cultura galega a través de Carlos Casares.	Coñecer unha das figuras máis relevantes da nosa literatura como parte do noso patrimonio cultural.	Recoñecer a riqueza cultural do noso país e potenciar o uso da nosa lingua.



<p>Día Mundial do Medio Ambiente</p>	<p>Concienciar os nenos sobre a importancia da reciclaxe para conservar a contorna.</p>	<p>Fomentar e promover actitudes de cooidado e respecto coa nosa contorna.</p>	<p>Fomentar a participación e o compromiso co cooidado e mantemento do Medio Ambiente empezando polos espazos verdes do noso Colexio.</p>
--------------------------------------	---	--	---

XIII. VACACIÓNS E DÍAS FESTIVOS

Os períodos de vacacións que figuran no Calendario Escolar, son os seguintes:

- NADAL: Do 23 de decembro de 2020 ó 7 de xaneiro de 2021, ambos inclusive.
- ENTROIDO: Do día 15 ao 17 de febreiro de 2020.
- SEMANA SANTA: Do 27 de marzo ata o 5 de abril de 2021, ambos inclusive.

As conmemoracións a celebrar neste curso serán:

- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
